



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS SOBRE O FINAL DE CURSO (ESO e 1.º Bach.)

Curso 2019-2020

Prezadas familias de ESO e 1.º Bach.: Queremos lembrar as datas fundamentais destes últimos días de curso escolar, tanto na etapa da ESO como no nivel de 1.º Bach.

- **Venres 19 de xuño: REMATA O CURSO ESCOLAR ORDINARIO EN ESO e 1.º BACH.**

- **Luns 22 de xuño: DÍA DE PUBLICACIÓN DE NOTAS PARA ESO e 1.º BACH.**
 - Os boletíns das notas finais de xuño **publicanse en Sallenet o luns 22 pola tarde**. Estarán visibles nese momento todas as notas parciais da 3.ª avaliación. Este curso non será visible a nota media da terceira avaliación no boletín porque así o regulan as últimas instrucións da Consellería.
 - Trasladaremos a información que teñamos nese momento sobre o inicio do seguinte curso e o **calendario de exames de setembro**.
 - Prevedemos o inicio para o día 16 de setembro. Non hai instrucións aínda, só un borrador provisional.
 - **Fichas de setembro**. O profesorado enviará as indicacións oportunas e a ficha para o alumnado con materias suspensas. Estará tamén subida ao curso e materia correspondente para que se poida descargar en calquera momento. Para realizar as probas de setembro, prepararemos un calendario presencial. As *Instrucións complementarias do 28 de maio* que enviou a Consellería dinnos que, se as circunstancias sanitarias non o permiten, o alumnado será avaliado mediante a cualificación dos traballos de preparación encargados nesa ficha.

- **Martes 23 de xuño**
 - **O profesorado atende as familias** que o precisen entre as 9:30 e as 13:00 h. Seguiremos estas indicacións, obrigados polas circunstancias sanitarias:
 - As familias **chaman** ao colexio **solicitando** unha cita. Esta cita será **preferentemente por correo** co profesor/a que necesiten falar. Desde recepción farase chegar á familia a dirección do correo institucional do/a profesor/a. A cita poderá ser tamén por teléfono. Nese caso xestionarase oportunamente a mellor forma de facelo.
 - No caso de que soliciten unha **cita presencial** terá que ser **moi excepcional e despois de utilizar as outras vías**.
 - Os xefes de estudos estarán no centro para atender presencialmente as familias que o precisen.

Sen outro particular e desexándovos un feliz final de curso, recibide o noso máis cordial saúdo.

Xefaturas de Estudo de ESO e Bacharelato